



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CADEIRAS PARA A SALA DE ESTUDOS DO EDIFICIO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO” (AVENIDA BEIRAMAR).

1.- OBXECTO.

O **obxecto** do presente procedemento de contratación consiste na subministración de catrocentas cadeiras para a Sala de Estudos situada no edificio do Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, coas características que se indican no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) que se inclúe neste expediente. A subministración de cadeiras incluirá a entrega, debendo quedar totalmente instaladas e preparadas para o seu uso.

A contratación resulta necesaria para o **exercicio de competencias propias** previstas no art. 25.2.m (promoción da cultura e equipamentos culturais) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local e no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.

División en lotes

Polo que respecta a súa **división en lotes**, non se considera axeitada debido a que, tendo en conta a contía do contrato, así como a natureza do mesmo, non se considera conveniente a súa división do mesmo en lotes, en base a motivos relacionados coa optimización, a eficiencia e as posibilidades de obter unha oferta mais vantaxosa. Así mesmo, os elementos que se pretenden contratar (cadeiras) para a Sala de Estudos de Beiramar, conforman en si mesmos unha unidade de xestión, xa que os mesmos teñen na súa operatividade unha condición de conxunto, tanto na súa funcionalidade como na súa referencia estética, e polo tanto unha complementariedade que non posibilita tecnicamente a súa división en lotes.

2. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN.

No referente a **cualificación do contrato**, polo seu obxecto, será de subministración, na súa modalidade de adquisición de produtos ou bens mobles, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

O tipo de procedemento será aberto simplificado abreviado de acordo co establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017 e a súa forma de tramitación ordinaria.

3. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.

De conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, fíxase un prazo de execución de 4 meses desde a formalización do contrato, sen posibilidade de prórroga.

Xustificación do prazo: O prazo de execución fíxase atendendo á natureza das prestacións, ás necesidades do servizo, ao financiamento así como á necesidade de someter a concorrência o contrato. En base a todos estes factores no presente suposto, estímase adecuado o prazo de execución de 4 meses para a subministración dos elementos necesarios para a Sala de Estudos de Beiramar.

4. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA QUE DEBERÁ ACREDITAR O LICITADOR.

De conformidade coa letra b do artigo 159.6 da Lei 9/2017, exímese aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

Unicamente esixírase aos licitadores que se presenten que estean inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Oficial da Comunidade Autónoma correspondente, en conformidade co estipulado na letra a do artigo 159.4 da Lei 9/2017.

5. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

O servizo xestor valora non só a oferta que conteña un prezo máis baixo senón que ten en conta outros aspectos tales como o prazo de garantía dos elementos a subministrar, establécense os seguintes criterios avaliábel a través de fórmula:

5.1.- Redución do prezo do contrato: valorarase con ata 90 (noventa) puntos

O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de **90 puntos**.

Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que propoña o menor prezo e 0 puntos ao licitador que non propoña ningunha redución do prezo; as restantes proposicións valoraranse aplicando a regra proporcional.

5.2.- Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar: valorarase con ata 10 (dez) puntos

Incremento anual do prazo de garantía dos elementos a subministrar a maiores dos 3 anos que se recollen no apartado 4 do PPT.

Valorarase con 2 puntos cada ano a máis dos tres anos esixidos no prazo de garantía dos elementos ofertados, **ata un máximo de 10 puntos**.

Xustificación do criterio de valoración: O prazo de garantía é un criterio importante a ter en conta toda vez que os elementos que se pretenden adquirir nesta contratación soportan un uso intensivo, dada a elevada afluencia de público a esta Sala de Estudos, o que fai conveniente con que estes elementos contén cun axeitado prazo de garantía.

6.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.



Expediente 25987/332

- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor da baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

7. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da Lei 9/2017, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo medioambiental:

- A adopción de medidas para o mantemento ou mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato.
- O mantemento ou mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato.
- A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables.

Para acreditar esta condición o licitador proposto coma adxudicatario terá que presentar declaración responsable onde manifeste de forma clara e expresa, o compromiso de cumprir as condicións establecidas nesta cláusula ou, cando proceda, certificación do órgano competente.

8. PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía será o que o adxudicatario indique na súa oferta e, en calquera caso, dada a natureza dos materiais a subministrar establécense un período de garantía mínimo de tres anos. No caso de que durante o período de garantía os materiais subministrados sufrisen deterioro, o adxudicatario procederá a súa substitución sendo a súa costa tanto os custos da substitución como dos posibles prexuízos ocasionados. Todos os materiais a subministrar disporán do mercado C.E. e achegarán tamén o correspondente certificado de homologación ou da súa non necesidade.

9. SUBCONTRATACIÓN.

Admítese a subcontratación. Non se reservan tarefas críticas.

10. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO.

Debido ás súas características, non está prevista a modificación do contrato.

11. RESPONSABLE DO CONTRATO.

A responsable do contrato será a xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada.

12. SEGURO.

Non procede.

13. LUGAR DE ENTREGA.

A entrega e instalación dos artigos que compoñen o obxecto deste contrato de subministración será realizada nas instalacións da Sala de Estudos do edificio do Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo", sita na avenida de Beiramar nº 57, planta 6ª.

14. PRESENTACIÓN DE MOSTRAS.

O adxudicatario deberá entregar previamente á formalización do contrato unha mostra dos elementos ofertados que se recollen no Anexo I deste Prego.

15. CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO.

Non se ceden datos de carácter persoal.

16.- CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL: Non.

17. OUTRAS OBSERVACIÓNS.

Todos os produtos obxecto da subministración axustaranse ao prescrito nas normas sobre calidade e seguridade que lles sexan de aplicación.

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Así mesmo, o concelleiro delegado de Educación subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

O concelleiro delegado da Área de Educación, Gorka Gómez Díaz